



Concello de Ortigueira

ACTA DA SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

Na Casa do Concello, sendo as dez horas e trinta minutos do día catro de maio de dous mil dezaoto reúnese os membros que a continuación se indican para constituír a Mesa de Contratación prevista no prego de cláusulas económico administrativas que rexe o procedemento aberto para a contratación do Servizo Alleo de Prevención de Riscos Laborais (2018-2022)

PRESIDENTE: Don Juan Vicente Penabad Muras, Alcalde Presidente do Concello

VOGAIS.- Don Iago Manuel Bermejo Vargas Secretario Xeral do Concello; I dona Yolanda Ares Bao, Interventora municipal; don Juan Manuel Cao Garcia concelleiro de obras, servizo e medio rural

SECRETARIA DA MESA: dona Maria Luisa Sierra Vale, funcionaria do Concello

Polo Presidente declarase constituída a Mesa de Contratación xa que se cumpre co quórum requirido

Pola Secretaria da Mesa informase que en cumprimento do acordado por esta Mesa na sesión do día 26 de febreiro de 2018 se lle requiriu ao licitador CUALTIS SLU para que presentase o escrito de recurso de alzada contra o acordo da Mesa de Contratación, de excluír no procedemento para a contratación do Servizo Alleo de Prevención de Riscos a dita entidade, por medios electrónicos e asinado dixitalmente polo representante da entidade, advertíndolle que de conformidade co citado artigo 68.4 da lei 39/2015 se considerará, aos efectos de cumprimento de prazos, como data de presentación de dita documentación a data de presentación electrónica

Que con data 6 de marzo de 2018, e número de rexistro 2018-E-RE-103 tivo entrada na Oficina Auxiliar de Rexistro Electrónico, escrito presentado por CUALTIS SLU (B84527977) recurso de alzada asinado dixitalmente e escrituras de apedramento como documentos probatorios 1 e 2.

Que tal e como consta no expediente a CUALTIS SLU se lle notificaou o acordo desta Mesa polo que se lle excluía do procedemento o día 16 de febreiro de 2018, polo que o prazo de un mes para a presentación do recurso de alzada remata o día 16 de marzo de 2018, por tanto CUALTIS SLU presentou en tempo e forma dito recurso.

Ase mesmo comprobouse que o escrito de recurso de alzada presentado o día 6 de marzo de 2018 está asinado dixitalmente por Don Sixto Cantabrana Martín-Peñasco, identificado con DNI 02877301-R, en nome e representación de CUALTIS S.L.U., con CIF B84527977, para o que esta facultado segundo o poder outorgado ante o notario de Madrid don Andrés de la Fuente O'Connor o día 7 de decembro de 2017, co número do seu protocolo 2.236, presentado xunto co escrito de recurso de alzada.

Acto seguido a Mesa de Contratación procede ao exame e estudo do recurso de alzada e tendo en conta que:

-A Mesa de Contratación na súa sesión do día nove de febreiro de 2018, acorda: *“Rexeitar do procedemento para a contratación DO SERVIZO ALLEO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS (2018-2002) a empresa CUALITIS SLU como consecuencia de vir a documentación administrativa asinada dixitalmente por persoa distinta a que se fai constar que subscribe a mesma como representante legal da entidade “*

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

- En dita documentación, concretamente no Anexo IV, faise constar que
“D. José Acuña Vilas, con N.I.F: 36.039.235-Y y domicilio en Avda. Finisterre 265-A, 2 - 1º, 15008 A Coruña, actuando en representación de CUALTIS S.L.U. con NIF B-84527977 domicilio en Avda.Finisterre 265-A, 2 - 1º 15008 A Coruña y en relación con el contrato de SERVICIO AJENO DE PREVENCIÓN RIESGOS DE LABORALES, Declara bajo su responsabilidad....”

Pero o documento está asinado dixitalmente por don Sixto Jeronimo Cantabrana con NIF 02877301-R, en representación de B84527977

-Dos documentos aportados xunto co recurso de alzada pola interesada desprendese que:

- Don Sixto Cantabrana Martín-Peñasco, con NIF 02877301R, está facultado para representar a entidade CUALITIS SLU con NIF B84527977 ante o Concello de Ortigueira de conformidade co poder outorgado ao seu favor ante o notario de Madrid don Andrés de la Fuente O'Connor o día 7 de decembro de 2017, co número do seu protocolo 2.236. (Documento 1 presentado co escrito do recurso)
- Don José Acuña Vilas, con N.I.F: 36.039.235Y está facultado para representar a entidade CUALITIS SLU con NIF B(4527977) ante O Concello de Ortigueira de conformidade co poder outorgado ao seu favor ante o notario de Madrid don Andrés de la Fuente O'Connor o día 17 de febreiro de 2017, co número do seu protocolo 498 (Documento 2 presentado co escrito do recurso)
- Tendo en conta ditos documentos, e sen prexuízo da súa vixencia, ambas persoas en base os poderes que teñen outorgados están debidamente facultados e, por tanto, teñen capacidade xurídica para actuar en nome e por conta da empresa CUALITIS SLU no presente procedemento

-A entidade recorrente basea o seu recurso en que a exclusión directa dun licitador por un erro exclusivamente formal vai en contra dos principios que deben rexer toda contratación pública, tal e como establece a doutrina do Tribunal Supremo, citando entre outras a sentenza do 15 de xaneiro de 1999, na que se pon de manifesto que *“El criterio expuesto toma en cuenta que una interpretación literalista de las condiciones exigidas para tomar parte en los procedimientos administrativos de contratación, que conduzca a **la no admisión de proposiciones por simples defectos formales, fácilmente subsanables, es contraria al principio de concurrencia, que se establece en el artículo 13 de la Ley de Contratos del Estado, de 8 de abril de 1965 (RCL 1965\771, 1026 Y NDL 7365), así como que la preclusión de aportaciones documentales tiene por objeto evitar sorpresas para los demás concursantes, o estrategias poco limpias, pero no excluir a los participantes por defectos en la documentación de carácter formal, no esencial, que, como hemos dicho, son subsanables sin dificultad, doctrina que se encuentra recogida en anteriores Sentencias de la Sala, como las de 22 de junio de 1972 (R.J 1972\2872), 27 de noviembre de 1984 (R.J 1984\6617) y 19 de enero de 1995 (R.J 1995\546) Audiencia Nacional (Sala de lo Contencioso-Administrativo, Sección 8ª) Sentencia de 3 marzo 2010. F.J. cuarto, STS 26 de enero de 2.005 (R.J 2005\1452)”*** ou na resolución 31/2018, de 24 de xaneiro de 2018, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de la Comunidad de Madrid na que, sobre un caso similar ao presente, dispon *“teniendo en consideración la Jurisprudencia existente contraria a la restricción participativa en la contratación pública y la defensa del carácter antiformalista con que debe actuar la Administración para evitar la limitación de la concurrencia, considerando que el Administrador aportó certificado de firma junto con la presentación firmada por el mismo de la oferta, no cabe sino considerar que la discordancia de firmas constituye un error subsanable. Dicha subsanación se debe realizar previo*

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

requerimento de la Mesa, por parte del Administrador accediendo de nuevo a la plataforma mediante su firma electrónica, lo que a juicio de este Tribunal no supone una alteración de la oferta” puesto que “se trata de una documentación que consta en el expediente y su subsanación bien modificando el pie de firma, bien firmando el interesado que figura al pie, permitiría ratificar la voluntad de la empresa -de tenerlo por necesario el órgano de contratación- pudiendo comprobar que su contenido coincide exactamente con la proposición inicial, sin que esto pueda considerarse como nueva oferta”.

Polo exposto, A Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda propoñer ao órgano de contratación:

Primeiro.- ADMITIR a tramite o recurso de alzada contra o acordo desta Mesa de Contratación do nove de febreiro de 2018, polo que se exclúe do procedemento para a contratación do *SERVIZO ALLEO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS (2018-2002) a empresa CUALITIS SLU como consecuencia de vir a documentación administrativa asinada dixitalmente por persoa distinta a que se fai constar que subscribe a mesma como representante legal da entidade*, interposto por don Sixto Cantabrana Martín-Peñasco en representación de CUALTIS SLU por entender que o mesmo se presentou en tempo e forma

Segundo.- ESTIMAR o recurso de alzada, interposto por don Sixto Cantabrana Martín-Peñasco en representación de CUALITIS SLU, contra o acordo desta Mesa de Contratación do 9 de febreiro de 2018, polo que se exclúe do procedemento para a contratación do *SERVIZO ALLEO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS (2018-2022) a empresa CUALITIS SLU como consecuencia de vir a documentación administrativa asinada dixitalmente por persoa distinta a que se fai constar que subscribe a mesma como representante legal da entidade*, por entender que no presente caso a discordancia entre a persoa que asina dixitalmente e a persoa que figura como declarante é emendable dado que quedou demostrado no expediente que ambas están debidamente facultadas e, por tanto, teñen capacidade xurídica para actuar en nome e por conta da empresa CUALITIS SLU no presente procedemento

Terceiro .-DEIXAR sen efecto o acordo da Mesa de Contratación do nove de febreiro de 2018 polo que se exclúe do procedemento para a contratación do *Servizo Alleo de Prevención de Riscos laborais (2018-2022) a licitadora CUALITIS SLU e REQUIRIR a CUALITIS SLU para que no prazo de tres días hábiles, contados a partires do recibo da resolución, emende a deficiencia detectada, presentando na sede electrónica do Concello de Ortigueira, a documentación administrativa en soporte pdf, asinada dixitalmente polo representante legal da entidade*

E non habendo máis asuntos que tratar, o presidente levanta a sesión sendo as once horas, estendéndose a presente acta, do que, como Secretaria da Mesa, certifico

Documento asinado dixitalmente ao seu marxe